

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTEN:

D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día vinte de agosto do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do día 16 de agosto de 2018), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asisten á sesión as Sras. concelleiras D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle e D.^a Marta M^a Iglesias Becerra,

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de agosto de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por tres votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle e Suárez García) e coa abstención do Sr. alcalde en funcións, Taibo Monelos, e da Sra. concelleira Figueroa Fuentes os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 13 de agosto de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Corrección de erros. Orde do 2 de agosto de 2018, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 155 do 14-08-2018.

- Corrección de erros. Extracto da Orde do 2 de agosto de 2018, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 155 do 14-08-2018.
- Anuncio do 29 de xuño de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á comunicación de xestión de biomasa dos expedientes incoados no Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras do Concello de Culleredo, nos cales non foi posible determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resultou infrutuosa a notificación da comunicación. DOG núm. 157 do 20-08-2018
- Anuncio do 10 de agosto, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Augas de Galicia -Servizo Territorial da Zona Galicia Norte-, de información pública da solicitude de P.O.P. a Augas de Galicia de autorización de obras no polígono 46, parcelas 357, 356, 354, 353, 352, 563, 332, 329, 330 351, 555, 362, 432, 430, 558 e 355 no lugar de Sésamo, parroquia de Sésamo. Expediente. DH.W15.55339. BOP núm. 157 do 20-08-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
26/07/18	1196	Concesión dunha axuda económica	M.C.B.L.	Pago de recibo de deuda de comunidade de propietarios correspondente os meses de decembro 2017 a xuño 2018. Pago de recibo de comunidade de propietarios correspondente aos meses e xullo 2018 a outubro 2018. Pago de recibos de electricidade correspondentes aos meses de novembro 2017 a outubro 2018. Pago de recibos de auga	402€

C.I.F. P-1503100-H

				correspondentes ao 4º trimestre de 2017 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018.	
26/07/2018	1199	Concesión dunha axuda económica	J.M.M.D.S.	Bono de alimentos tipo D durante seis meses e cunha entrega mensual Bono de hixiene tipo B durante seis meses e cunha entrega mensual.	
30/07/2018	1219	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	M.J.S.T.	Pago do recibo de electricidade do período do 10 de maio ao 11 de xuño de 2018	34,46€
31/07/2018	1230	Concesión dunha axuda económica	J.A.F.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (240 €), marzo (240 €), abril (240 €) e parte de maio (115 €) de 2018.	1.075,00 €
31/07/2018	1231	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	J.A.S.T.	Pago dos recibos de electricidade correspondente aos meses de novembro a decembro de 2017 e de xaneiro a maio de 2018 por un importe de 156,42 €..	
06/08/2018	1257	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	M.S.D.N.M.	Pago do recibo de electricidade correspondente aos meses de novembro e decembro de 2017 (235,29€) e de xaneiro a xuño de 2018 (482,86€).	
06/08/2018	1258	Concesión dunha axuda económica	A.Q.R.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (200 €), abril (200 €), maio (200 €), xuño (200 €), xullo(200 €) e parte de agosto (75 €) de 2018.	1075€
06/08/2018	1259	Autorización, disposición,	A.R.M.	Pago do recibo de auga	

		recoñecemento e ordenación do pago		correspondente ao segundo trimestre de 2018 (76,65 €). Pago do recibo de electricidade correspondente ao período do 29/05/2018 ao 27/06/2018 (58,73 €).	
09/08/2018	1300	Concesión dunha axuda económica	P.M.L.A.	Pago de aluguer correspondente a parte do mes de febreiro (265,68€) de 2018.	
09/08/2018	1301	Concesión dunha axuda económica	E.I.S.T.	Pago aluguer correspondente aos meses de abril (400 €), maio (400 €), e parte de xuño (275 €) de 2018.	1075€

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente)